

Textos/ilustracións: **VARIOS AUTORES**


7x7 cm.

ISBN 84-8464-595-9



## MINILIBROS PARA SOÑAR vol. 6


**KALANDRAKA** presenta as súas obras máis coñecidas, reunidas nunha caixiña chea de libros  
...pequenos  
e soños  
**...moi grandes.**



### RENATO

28 páxinas: Manolo Hidalgo


O pequeno Renato goza coa neve, pero ten problemas cos seus cornos e por iso fanlle burla. Renato trata de atopar unha solución, pero as cousas non saen como pensara e, por accidente, provoca un contratempo. Finalmente, os cornos resultaranlle moi útiles para resolver a situación e Renato será feliz cos seus amigos do bosque.



### A VERDADEIRA HISTORIA DE CARAPUCHIÑA

36 páxinas: Antonio Rodríguez Almodóvar / Marc Taeger

Había unha vez unha nena moi xeitosiña que vivía nunha aldea, preto dun bosque. Chamábanlle Carapuchiña, ou Carapuchiña Vermella, porque a súa avoa, que vivía noutra aldea dos arredores, regaláralle unha capa desa cor, cunha carapucha para o frío...



### XAIME E AS LANDRAS

44 páxinas: Tim Bowley / Inés Vilpi

Xaime plantou unha landra, pero...

Antes de que puidese medrar un esquíu desenterrouna e agachouna.

Xaime plantou unha landra, xermolou e agromou da terra, pero...




### UN AGASALLO DIFERENTE

36 páxinas: Marta Azcona / Rosa Osuna

O día do seu aniversario, Marcel invitou a Tristán a merendar na súa casa.

-¡Felicidades! -dixo Tristán ao ver seu amigo, e deulle un pequeno paquete...


Marcel abriu o agasallo e...



### CHIBOS CHIBÓN

36 páxinas: Olalla González / Federico Fernández


Había unha vez tres chibos que vivían no alto dunha montaña. Un día miraron unha herba moi verde que crecía ao outro lado do río. Pero para chegar había que cruzar unha ponte e debaixo dela vivía un ogro terrible.



### O PATIÑO FEO

36 páxinas: H.C. Andersen / Ana Sande

Era verán. O campo estaba fermoso. Arredor dos campos había bosques e, no máis profundo dos bosques, un gran lago. Ali, nunha vella granxa, unha pata aniñaba os seus ovos.



### AMORA

36 páxinas: Anxos Garabana / Óscar Villán

Estaba a amora no seu lugar, triste e a penar

¿Pensaba a amora que ninguén a ía tocar?

Pois a mosca veuna probar